



BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE ESCAPARATES E DECORACIÓN HOSTALEIRA DO NADAL 2017/2018 DO CONCELLO DE RIVEIRA E A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS

1-OBXECTO:

O **Concello de Riveira**, e a **Asociación de Empresarios de Riveira**, organizan un “**Concurso de Escaparates de Nadal**” e un “**Concurso de Decoración de Hostalería no Nadal**”, co obxectivo xeral de premiar a dedicación e esforzo dos e das comerciantes e hostaleir@s á hora de decorar os seus negocios xa que é unha maneira atractiva de atraer á clientela, á vez que engalanan as rúas do municipio de Riveira, e invitan a visitar as súas rúas comerciais, favorecendo o comercio de proximidade e a participación cidadá. Os concursos realizaranse conforme as seguintes bases:

PRIMEIRA.- Poderán participar neste concurso todos os establecementos comerciais e locais hostaleiros do Concello de Riveira, socios ou non da Asociación de Empresarios.

A inscrición neste concurso supón a aceptación das presentes condicións de participación, así como de eventuais instrucións que adopte a organización.

SEGUNDA.- A temática do concurso é o Nadal dispoñendo neste ámbito os participantes de total liberdade creativa.

TERCEIRA.- A exposición de escaparates e decoración de locais hostaleiros deberá efectuarse, ao menos, entre os días 16 de decembro de 2017 e o 6 de xaneiro de 2018, ambos inclusive –aínda que poderá facerse con anterioridade a esta data-.

CUARTA.- Para participar neste concurso deberán inscribirse antes das 13:00 horas do día 13 de decembro de 2017 no seguinte contactos:

INFORMACIÓN EN INSCRICIÓN:

Asociación de Empresarios de Riveira

Tel.: 981 873 719; correo@empresariosriveira.com.

QUINTA.- Haberá un único premio por concurso, que consistirá nun agasallo conmemorativo e un diploma que se outorgará polo recoñecemento popular a través da clientela dos establecementos participantes, emitindo o seu voto en papeletas de votación que haberá en cada local que tome parte nos concursos.

Os locais recibirán material de difusión sobre os concursos, papeletas e cartelería. Todos os locais participantes recibirán un diploma conmemorativo. Resultará gañador o establecemento que obteña o maior número de votos en cada un dos concursos tras o reconto nos establecementos participantes.

Durante os días 8, 9 e 10 de xaneiro a organización recollerá as papeletas nos establecementos participantes para proceder ao reconto de votos. Se algún dos establecementos participantes estivese pechado nesas datas, estarán obrigados a entregar as papeletas á organización. De non cumprir este



CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego



requisito, a organización poderá decidir que o establecemento perda os dereitos de participación e que sexan anuladas as papeletas desas urnas.

Antes do 20 de xaneiro realizarase nas dependencias do Concello o reconto de papeletas. Ao finalizar o reconto, asinarase a correspondente acta co resultado das votacións. A asistencia será libre para calquera persoa interesada e comunicarse previamente de xeito público.

A entrega de premios terá lugar no mes de xaneiro de 2018, na data, lugar e hora que a organización de concurso determine, o cal será comunicado aos participantes e a opinión pública en xeral.

SEXTA.- Poderán participar todos os clientes, maiores de idade, que realicen as súas compras nos establecementos inscritos no concurso de escaparatismo e os que realicen consumicións nos locais participantes no concurso de decoración de Hostalería durante o período no que os concursos estean en vigor.

Cada cliente poderá obter papeletas de puntuación e posterior votación en calquera dos establecementos participantes, podendo votar unicamente a un comercio e a un local hostaleiro por papeleta.

O cliente marcará na papeleta o nome do establecemento que considera como gañador en cada un dos concursos, considerando voto nulo aquela papeleta que teña marcado máis dun establecemento. Non hai límite na participación por cliente.

O votante gardará o seu resguardo da papeleta para entrar no **SORTEO DUN VALE DE 100 € PARA O COMERCIO LOCAL**, que se sorteará entre todos os votantes o día do escrutinio público do concurso.

A organización porase en contacto cos establecementos premiados e con todos os participantes para facilitar lugar, data e hora do acto da entrega de premios.

SÉPTIMA.- O evento será publicado nas diferentes redes sociais e páxinas web. O nome dos establecementos participantes figurarán nos folletos de difusión ao público en xeral.

OITAVA.- A organización entregará a cada establecemento o material de publicidade e papeletas de votación para o público. O establecemento deberá comprometerse a telos nun lugar visible e accesible aos seus clientes. Unha vez finalizado o concurso, os establecementos entregarán á organización o material sobrante.

NOVENA.- A participación na devandita promoción supón a aceptación das presentes bases así como a aceptación do criterio que estableza a organización para resolver cantas cuestións se producen durante o desenvolvemento do concurso.

En cumprimento da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, a organización informa que os datos que se faciliten para participar nesta promoción, xunto cos que se comuniquen no caso de resultar premiado, son necesarios para participar na promoción e serán destruídos unha vez finalizada a mesma.

Calquera dúbida será atendida pola Asociación de Empresarios de Riveira ou polo Concello de Riveira.